

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Yolanda Díaz Pérez, membros do **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión**, relativa á necesidade de dotar do persoal sanitario necesario ao CEIP Portofaro de Cambre para responder as necesidades do alumnado escolarizado no mesmo.

Unha das características que sen dúbida definen un sistema educativo público de calidade é a súa capacidade para atender a diversidade do alumnado presente nas aulas, de xeito que responda ás súas necesidades e inquiredanzas, intereses e capacidades. Este feito obriga a que os centros educativos contén cos recursos educativos necesarios para poder dar unha resposta axeitada a todos aqueles rapaces e rapazas escolarizados en centros públicos de xeito que , ningunha circunstancia persoal ou social se converta en motivo de discriminación de acordo cos principios de normalización e inclusión e desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade

A situación dun neno de seis anos do CEIP Portofaro de Cambre está moi lonxe de axustarse a estes principios de normalización e inclusión. Este alumno, cun diagnóstico médico de diabetes mellitus tipo 1, leva meses agardando pola asistencia de un ATS que poda prestar a vixilancia continuada que require a súa doenza segundo os informes médicos do Servizo Galego de Saúde. De feito os pais deste neno acoden puntualmente cada día ao centro onde deixan constancia por escrito da súa intención de escolarizar o seu fillo, un feito que se ve impedido polo risco evidente para a súa saúde. Diante deste problema, a solución aportada pola Consellería de educación foi abrir un expediente por absentismo á familia afectada, cando o único que se está a reclamar é o cumprimento da normativa vixente en materia de atención á diversidade.

Mesmo unha lei retrógrada e involucionista como a LOMCE, recolle dentro dos seus principios a equidade, de xeito que se garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade.

No marco normativo galego, o decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 4º que a intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.

Para mais abundamento, o artigo 5 determina que corresponde a administración educativa realizar a dotación dos recursos necesarios para ofrecer unha educación equitativa e de calidade, dentro dos principios inclusivos e de individualización da intervención educativa.

E xa no artigo artigo 38 deste decreto, establécese que os centros educativos contarán cos profesionais especializados necesarios para atender as necesidades do seu alumnado.

Mais para as familias do alumno citado do colexio Portofaro de Cambre, estas normas convertéronse en papel mollado á hora de dar respostas ás necesidades urxentes do seu fillo e permitir a súa escolarización sen por en risco a súa saúde. O Goberno Galego non pode demorar nin un día mais a dotación do persoal necesario para permitir a escolarización deste alumno de xeito que a diabetes, non sexa un obstáculo para o seu axeitado desenvolvemento educativo e persoal.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta en Comisión:

- Que medidas ten pensado adoptar á Xunta de Galicia para permitir a escolarización do alumno do CEIP Portofaro con diabetes mellitus tipo 1, de xeito que se eviten os riscos evidentes que ocasionaría a privación do control médico recomendado polos informes do Servizo Galego de Saúde durante a xornada escolar?

En Compostela, a 5 de febreiro do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 05/02/2015 11:47:21

Jose Javier Ron Fernandez na data 05/02/2015 11:47:25

Ramón Vázquez Díaz na data 05/02/2015 11:47:29